

Resolución do 18 de xuño de 2009 pola que se aproba a convocatoria ordinaria para cubrir prazas nos lectorados de lingua, literatura e cultura galegas en universidades españolas e estranxeiras.

A Xunta de Galicia, de acordo co previsto na Lei 3/1983, do 15 de xuño, de normalización lingüística, deberá desenvolver as accións necesarias para a difusión da lingua propia de Galicia fóra do seu ámbito territorial. As competencias nesta materia correspóndenlle á Secretaría Xeral de Política Lingüística, que está adscrita á Consellería de Educación e Ordenación Universitaria, segundo o Decreto 83/2009, do 21 de abril.

Así mesmo, o 21 de setembro de 2004 foi aprobado no Parlamento de Galicia, por unanimidade de todos os grupos parlamentarios, o Plan xeral de normalización da lingua galega, xestado, no seu momento, por instancia da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria. No devandito plan recoméndanse unha serie de medidas de actuación segundo o sector social implicado. No que se refire á proxección exterior do galego, un dos obxectivos marcados no plan é o de «consolidar o ensino e a investigación do galego nas universidades en que xa existe como materia de estudo e introducirlo noutras universidades de interese estratéxico».

No sentido apuntado, e a través de convenios de colaboración subscritos con universidades de fóra de Galicia interesadas en incluír nos seus plans de estudo o ensino da lingua, a literatura e a cultura galegas, créanse os centros de estudos galegos como órganos de referencia nestas universidades, a través dos que se canalizan as actividades promotoras da nosa lingua, non só neste ámbito académico senón tamén na súa área de influencia.

A maioría destes centros refórzanse coa presenza dun lector ou lectora que, como complemento á súa actividade formativa, se responsabiliza da docencia, da investigación e da promoción da lingua, a literatura e a cultura galegas. Os importes das súas bolsas establécense expresamente nos ditos convenios de colaboración, e impútase o gasto ás aplicacións orzamentarias 04.60.151A.781.2, cando o aboamento da bolsa recaía sobre universidades públicas españolas; 04.60.151A.770.0, cando o aboamento recaía sobre universidades privadas españolas; 04.60.151A.790.0, cando o aboamento o deban facer universidades estranxeiras e 04.60.151A.480.2, cando a bolsa sexa aboada directamente pola Secretaría Xeral de Política Lingüística.

En consecuencia, en virtude das atribucións que me confire a disposición adicional segunda, letra c), do Decreto 44/2006, do 2 de marzo, segundo a referencia establecida na disposición transitoria, letra c), da Orde do 19 de maio de 2009 de delegación de competencias nos órganos superiores e nas xefaturas territoriais da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria,

DISPOÑO:

Artigo 1º.-*Obxecto.*

Proceder á convocatoria, en réxime de concorrencia competitiva e con sometemento aos principios

constitucionais de igualdade, mérito e capacidade, das prazas nos lectorados de lingua, literatura e cultura galegas que se relaciona na táboa seguinte:

Destino	Localidade	País
Universidade de la Habana	La Habana	Cuba
Universidade de Birmingham	Birmingham	Reino Unido
Queen's College, Universidade de Oxford	Oxford	Reino Unido
Universidade de Cork	Cork	Irlanda
Universidade Federal da Bahía	Salvador de Bahía	Brasil
Universidade de París III, A Sorbona	París	Francia
Universidade de Trier	Trier	Alemaña
Universidade do País Vasco	Vitoria	España

Artigo 2º.-*Requisitos.*

1. Poderán participar nesta convocatoria as persoas que cumpran os seguintes requisitos:

-Estar en posesión da nacionalidade española ou de calquera dos países membros da Unión Europea.

-Non padecer enfermidade ou limitacións físicas ou psíquicas que sexan incompatibles co desenvolvemento das actividades obxecto desta axuda económica.

-Titulación académica:

*Os licenciados en filoloxía galega, en filoloxía hispánica (subsección de galego-portugués) ou en filoloxía románica -sempre que a primeira ou segunda lingua románica elixida fose o galego- poderán solicitar calquera das prazas ofertadas.

*Os licenciados en tradución e interpretación unicamente poderán solicitar as prazas para os lectorados localizados nalgún dos seguintes países: Reino Unido, Irlanda, Francia e Alemaña, sempre que acrediten 27 créditos de galego e 21 créditos de inglés ou, no canto deste, 21 créditos na lingua oficial do país en que se localice o lectorado solicitado.

2. Quedan excluídas aquelas persoas que, reunindo estes requisitos, estean a exercer ou exercen como lectores ou lectoras de lingua, literatura e cultura galegas e que obtivesen a súa bolsa en convocatorias públicas anteriores.

Artigo 3º.-*Duración.*

1. As persoas seleccionadas serán nomeadas para unha primeira estadía que abranguerá o período comprendido entre o 1-10-2009 e o 30-9-2010, agás no caso da Universidade Federal da Bahía, cuxo período estará comprendido entre o 1-2-2010 e o 31-1-2011. Este nomeamento inicial poderase renovar sucesivamente en dúas ocasións máis, cada unha coa mesma duración que o primeiro nomeamento, ata completar cada lector ou lectora unha estadía máxima de tres anos, sempre que esta circunstancia non contraveña a normativa propia da universidade de destino. Para o cómputo do período máximo de permanencia non se terán en conta os nomeamentos provisionais derivados de substitucións.

2. A Consellería de Educación e Ordenación Universitaria, mediante resolución do/a titular da Secretaría Xeral de Política Lingüística, renovará a bolsa do lector ou lectora, se o informe que cada responsable dos centros de estudos galegos debe remitir a esta, cun mes de antelación ao remate da bolsa, recolle unha evolución positiva

na formación e no aproveitamento, por parte do beneficiario, das experiencias e prácticas realizadas no lectorado. En caso contrario, non procederá a dita renovación.

3. Os nomeamentos producirán os seus efectos desde a data que inicie o período correspondente ao primeiro deles.

Artigo 4º.-*Actividade.*

1. O lector ou lectora, baixo a dirección do responsable da cátedra ou do Centro de Estudos Galegos, en coordinación con el e como complemento práctico á súa actividade formativa, desenvolverá actividades de docencia respecto daquelas materias relacionadas coa potenciación da lingua galega que se concretan nos convenios de colaboración asinados coas correspondentes universidades, e de programación e organización de tarefas de investigación, difusión e promoción da lingua, da literatura e da cultura galegas, non só no ámbito universitario senón tamén na súa área de influencia.

2. Así mesmo, os lectores ou lectoras que resulten adxudicatarios das bolsas obxecto desta convocatoria deberán acreditar que superaron o curso de formación de profesores de galego que regularmente organiza a Secretaría Xeral de Política Lingüística, en colaboración coa Universidade de Santiago de Compostela ou, no seu defecto, quedan obrigados a asistir e superar o devandito curso na edición que desde a Secretaría Xeral de Política Lingüística se lles indique. O incumprimento do previsto nesta epígrafe dará lugar á aplicación do estipulado no artigo 12º.2.

3. O lector ou lectora de lingua, literatura e cultura galegas non poderá desenvolver actividades que impidan, dificulten ou menoscaben o cumprimento das condicións establecidas para o gozo da bolsa concedida. En calquera caso, deberá comunicarlle á Secretaría Xeral de Política Lingüística o desenvolvemento de actividades alleas ao obxecto desta convocatoria para que esta determine se procede a compatibilidade.

Artigo 5º.-*Contía da bolsa.*

1. O/a lector/a percibirá o importe da bolsa directamente da Secretaría Xeral de Política Lingüística ou a través da universidade para a que sexa seleccionado. A opción elixida dependerá da normativa aplicable en cada unha das universidades de destino e recollerase no convenio de colaboración que se asine entre as dúas institucións, xunto coa contía que vai percibir e a partida orzamentaria correspondente.

2. Para o ano 2009, o importe íntegro mensual das bolsas obxecto desta convocatoria é o seguinte:

-1.123,96 €, para aqueles lectorados localizados en universidades españolas.

-1.277,12 €, para aqueles lectorados localizados en universidades estranxeiras.

3. Neste importe considéranse incluídos todos os conceptos, é dicir, o/a lector/a fará fronte aos gastos de tipo persoal que poidan derivar da súa estadía (tales como viaxes, desprazamentos urbanos, residencia, requisitos burocráticos, etc.), con cargo á bolsa adxudicada.

4. O/a lector/a queda obrigado a reintegrar, total ou parcialmente, o importe dos conceptos indebidamente percibidos.

5. O/a lector/a queda obrigado, así mesmo, a facilitar toda a información que lle sexa requirida pola Secretaría Xeral de Política Lingüística ou por calquera outro órgano fiscalizador das administracións públicas, no exercicio das súas funcións de control das axudas públicas.

Artigo 6º.-*Solicitudes e documentación.*

1. As solicitudes axustaranse ao modelo oficial recollido como anexo I desta orde e xuntarase, polo menos, a documentación que a seguir se especifica:

-Fotocopia compulsada do DNI ou documento acreditativo da identidade.

-Fotocopia compulsada do título (ou títulos) de licenciatura ou da acreditación de telo/s solicitado/s.

-Orixinal ou fotocopia compulsada da certificación académica persoal, con expresión da nota media simple calculada en función do disposto na resolución da Secretaría Xeral da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria do 15 de marzo de 2005 (DOG nº 57, do 23 de marzo).

-Currículo.

-Fotocopia compulsada dos xustificantes de todos os méritos alegados.

-Escrito, asinado pola persoa solicitante, que conteña a explicación dos motivos da solicitude.

-Proxecto didáctico e de traballo para cada universidade solicitada.

-Declaración xurada de non estar en situación de servizo activo como funcionario, ou ben, en caso de estalo, indicación do corpo de pertenza e compromiso de solicitar o pase á correspondente situación administrativa, no caso de ser seleccionado.

-Calquera outra que se considere oportuna.

2. A maiores desta documentación, os solicitantes presentarán unha declaración do conxunto de todas as solicitudes de axudas efectuadas ou concedidas, para o mesmo proxecto, ante as administracións públicas competentes ou outros entes públicos. De non ter solicitada ou concedida ningunha, tamén o farán constar.

3. Os interesados poderán solicitar, como máximo, catro lectorados, que deberán relacionar no anexo I por orde de preferencia.

4. As persoas interesadas poderán presentar a solicitude no rexistro xeral da Xunta de Galicia ou en calquera dos lugares previstos no artigo 38.4º da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

Artigo 7º.-*Prazo de presentación.*

1. O prazo de presentación das solicitudes será dun mes, contado a partir do día seguinte ao da publicación desta orde no *Diario Oficial de Galicia*.

2. Se a solicitude non reúne os requisitos exixidos, notificaráselle ao interesado para que, nun prazo de

dez días, emende os erros ou acompañe os documentos requiridos. Transcorrido o dito prazo sen que se producise a emenda, considerarase que desiste da súa petición ou deixaranse sen puntuar os méritos que non se xustifican debidamente, segundo corresponda.

Artigo 8º.-*Comisión de valoración.*

1. As solicitudes e a documentación acreditativa serán examinadas e valoradas por unha comisión presidida pola subdirectora xeral de Política Lingüística e composta polos seguintes membros:

-A xefa do Servizo de Formación, Asesoramento Lingüístico e Proxección Exterior da Lingua, quen exercerá como presidenta da comisión, en ausencia da súa titular.

-O xefe da Sección de Habilitación.

-Por parte das universidades, as persoas responsables dos centros de estudos galegos ou persoa en que deleguen.

-Un funcionario da Secretaría Xeral de Política Lingüística, que actuará de secretario, con voz pero sen voto.

Ante a ausencia dalgún dos membros da comisión pertencente á Secretaría Xeral de Política Lingüística, será substituído por algún dos seguintes suplentes:

-A xefa do Servizo do Centro Ramón Piñeiro para a Investigación en Humanidades.

-A xefa do Servizo de Xestión e Promoción Lingüística.

2. A Comisión de Valoración poderá acordar a incorporación ás súas reunións de persoal de carácter técnico que contribúa a unha correcta valoración dos méritos alegados polos aspirantes ou a aclarar as dúbidas que lle poidan xurdir aos membros da dita comisión. Este persoal actuará con voz pero sen voto nas reunións da citada comisión.

Artigo 9º.-*Valoración de méritos.*

1. A comisión valorará os méritos, debidamente acreditados por cada un dos interesados, de acordo co contido do anexo II desta resolución.

2. Para estes efectos, elaborará un informe que se xuntará á acta da reunión e no cal se recollerá a relación de admitidos e a relación de excluídos, con indicación do motivo e a relación, ordenada de maior a menor puntuación total acadada, de solicitantes admitidos, con indicación da puntuación outorgada a cada un dos méritos alegados por estes.

Artigo 10º.-*Resolución.*

1. A Comisión de Valoración elevaralle ao/a titular da Secretaría Xeral de Política Lingüística a acta da reunión recollida no artigo anterior, xunto cunha proposta de resolución na cal figurará a adxudicación dos lectorados a aqueles interesados/as que obtivesen a maior puntuación total e xuntando tamén a manifestación expresa dos candidatos/as propostos de aceptar o seu nomeamento.

2. As bolsas non poderán serlles adxudicadas a aqueles solicitantes que obtivesen unha valoración total inferior a 5 puntos.

3. Se algún dos/as candidatos/as propostos non aceptase o seu nomeamento, proporase o seguinte con maior puntuación; ante o rexeitamento deste, ofreceráselle ao seguinte, e así sucesivamente ata a súa cobertura.

4. Con base na proposta formulada, o/a titular da Secretaría Xeral de Política Lingüística procederá a ditar resolución en que nomee os/as lectores/as propostos. Esta resolución publicarase no *Diario Oficial de Galicia* e seralles notificada ás correspondentes universidades de destino.

5. O prazo máximo para resolver a convocatoria será de seis meses, contados a partir da data de publicación desta resolución no *Diario Oficial de Galicia*. De non se resolver neste prazo, as solicitudes entenderanse desestimadas.

6. A resolución desta convocatoria queda condicionada á existencia de convenio en vigor entre a Secretaría Xeral de Política Lingüística e cada unha das respectivas universidades, na data en que se faga efectivo o nomeamento dos/as lectores/as. A carencia deste convenio supón deixar sen efectos o nomeamento dos lectores/as afectados/as.

7. No caso de funcionarios en servizo activo, o seu nomeamento como lectores estará condicionado a que obteñan o pase á situación administrativa correspondente, xa que o dito nomeamento é incompatible co desempeño dun posto de traballo na Administración pública.

8. Se algún lectorado é declarado deserto, abrirase un procedemento especial para a súa cobertura, ofertándose, en primeiro lugar, a aqueles participantes nesta convocatoria que, non o tendo solicitado nun principio e non obtendo outra praza, obtivesen unha puntuación igual ou superior a 5 nas universidades solicitadas, e seleccionando, mediante entrevista, de entre estes candidatos, o considerado máis idóneo para a praza. Se este procedemento resultase sen efectos, ofertarase, en segundo lugar, ás persoas incluídas na listaxe de profesorado colaborador da Secretaría Xeral de Política Lingüística e seleccionarase o adxudicatario mediante entrevista persoal de entre as cinco aceptacións que, cumprindo cos requisitos previstos no artigo 2º, contén coa maior puntuación na devandita listaxe.

9. Toda alteración das condicións tidas en conta para a concesión da subvención e, en todo caso, a obtención concorrente de subvencións ou axudas outorgadas por outras administracións ou entes públicos ou privados, nacionais ou internacionais, poderá dar lugar á modificación da resolución de concesión.

Artigo 11º.-*Substitucións.*

1. Se, unha vez nomeados, algún dos/as lectores/as renunciase ao lectorado, este cubrirase provisionalmente co seguinte candidato con máis puntuación que concorrese a esta convocatoria. Ante o rexeitamento deste, ofreceráselle ao seguinte, e así sucesivamente ata a súa cobertura, e sempre observando que o substituto acadase, como mínimo, unha valoración total de 5 puntos na dita convocatoria.

Se non fose posible cubrir o lectorado por este sistema, a Secretaría Xeral de Política Lingüística empregará o procedemento descrito en segundo lugar no artigo 10º.9.

2. O disposto no punto anterior tamén será de observancia para a cobertura do lectorado cando sexa necesaria a substitución temporal do seu bolsreiro titular. Esta substitución abranguerá o período que dure a causa que a orixina.

3. Os lectorados cubertos de forma interina, agás o caso previsto na situación recollida no punto anterior, serán de novo convocados para seren cubertos mediante concurso público de méritos na seguinte convocatoria.

Artigo 12º.-*Revogación e suspensión.*

1. A concesión e percepción da bolsa non implica ningún tipo de relación laboral, ou de natureza similar, entre a Xunta de Galicia e os lectores/as seleccionados/as.

2. A Secretaría Xeral de Política Lingüística, logo da instrución do correspondente expediente, poderá revogar o nomeamento dos/as lectores/as e, polo tanto, da bolsa concedida, ou suspendelos temporalmente cando concorran, ademais das establecidas especificamente, algunha das seguintes circunstancias:

-Incumprimento total ou parcial do disposto no artigo 4º desta resolución.

-Notoria falta de actitude no desenvolvemento das actividades previstas no artigo 4º.

-Obtención concorrente de axudas outorgadas por outras administracións ou entes públicos ou privados para este mesmo proxecto.

-Posterior coñecemento de nomeamento indebido por non reunir as condicións requiridas para isto.

Artigo 13º.-*Autorizacións e publicidade.*

1. A presentación da solicitude para participar nesta convocatoria implica o coñecemento e aceptación das bases que a regulan.

2. Segundo o previsto nos artigos 14 e 15 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, a Consellería de Educación e Ordenación Universitaria publicará na súa páxina web as bases que regulan esta convocatoria e no *Diario Oficial de Galicia* as devanditas bases e os datos relevantes referidos ás subvencións concedidas, polo que a presentación da solicitude leva consigo a autorización dos beneficiarios para o tratamento dos datos necesarios para este fin.

3. De conformidade co artigo 13.4º da Lei 4/2006, do 30 de xuño, de transparencia e de boas prácticas na Administración pública galega, a Consellería de Educación e Ordenación Universitaria publicará na súa páxina web oficial a relación dos beneficiarios e o importe das axudas concedidas, polo que a presentación da solicitude leva implícita a autorización para o tratamento dos datos dos beneficiarios e a súa publicación na citada páxina web, coas excepcións previstas no artigo 15.2º, letra d) da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

4. Así mesmo, de acordo co previsto no Decreto 132/2006, do 27 de xullo, polo que se regulan os rexistros públicos de axudas, subvencións e convenios e de sancións da Xunta de Galicia, creados nos artigos 44 e 45 da Lei 7/2005, do 29 de decembro, de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2006, a Consellería de Educación e Ordenación Universitaria incluírá nos devanditos rexistros, agás nos supostos legalmente establecidos, os datos relevantes referidos ás axudas e subvencións recibidas polos adxudicatarios que participen nesta convocatoria, así como as sancións que, como consecuencia delas, puidesen impoñerse, polo que a presentación da solicitude leva implícita a autorización dos beneficiarios para o tratamento necesario dos seus datos persoais.

Artigo 14º.-*Réxime xurídico.*

1. O réxime xurídico aplicable a esta convocatoria é o seguinte: Lei 9/2007, do 13 de xuño (DOG número 121, do 25 de xuño), de subvencións de Galicia; Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro (DOG número 20, do 29 de xaneiro), polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007; os preceptos declarados básicos pola disposición derradeira primeira da Lei 38/2003, do 17 de novembro (BOE número 276, do 18 de novembro), xeral de subvencións e Real decreto 887/2006, do 21 de xullo (BOE número 176, do 25 de xullo), polo que se aproba o regulamento da Lei 38/2003.

Artigo 15º.-*Recursos.*

Contra esta resolución, que pon fin á vía administrativa, os interesados poderán interpoñer recurso potestativo de reposición ante o/a titular da Secretaría Xeral de Política Lingüística, no prazo dun mes, contado a partir do día seguinte ao da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*, segundo o disposto nos artigos 116 e 117 da Lei 4/1999, de modificación da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, ou ben directamente recurso contencioso-administrativo ante o Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, no prazo de dous meses, contados a partir do día seguinte ao da súa publicación, segundo dispoñen os artigos 10 e 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa.

Disposicións derradeiras

Primeira.-O/a titular da Secretaría Xeral de Política Lingüística poderá ditar, no ámbito das súas competencias, cantos actos e medidas sexan precisas para o desenvolvemento desta resolución.

Segunda.-Esta resolución entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*.

Santiago de Compostela, 18 de xuño de 2009.

Anxo M. Lorenzo Suárez
Secretario xeral de Política Lingüística



XUNTA DE GALICIA
 CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN E
 ORDENACIÓN UNIVERSITARIA
 Secretaría Xeral de Política Lingüística

ANEXO I

PROCEDEMENTO CONVOCATORIA DE LECTORADOS DE LINGUA, LITERATURA E CULTURA GALEGAS PARA UNIVERSIDADES ESPAÑOLAS E ESTRANXEIRAS	CÓDIGO DO PROCEDEMENTO ED110A	DOCUMENTO SOLICITUDE
---	---	--------------------------------

DATOS DO/A SOLICITANTE

APELIDOS	NOME	DNI
ENDEREZO (RÚA, NÚMERO E ANDAR)	PROVINCIA	CÓDIGO POSTAL
CONCELLO	LOCALIDADE	TELÉFONO
ENDEREZO ELECTRÓNICO		

SOLICITA:

Ser admitido/a na convocatoria para a cobertura de lectorados de lingua, literatura e cultura galegas en universidades de España e do estranxeiro.

Universidade/s que solicita (por orde de preferencia, se pide varias):

1º		3º	
2º		4º	

DOCUMENTACIÓN ACHEGADA

<input type="checkbox"/>	FOTOCOPIA COMPULSADA DO DNI OU DOCUMENTO ACREDITATIVO DA IDENTIDADE.
<input type="checkbox"/>	FOTOCOPIA COMPULSADA DO TÍTULO (OU TÍTULOS) DE LICENCIATURA, OU DA ACREDITACIÓN DE TELO/S SOLICITADO/S.
<input type="checkbox"/>	CERTIFICACIÓN ACADÉMICA PERSOAL (OU FOTOCOPIA COMPULSADA), CON EXPRESIÓN DA NOTA MEDIA SIMPLE.
<input type="checkbox"/>	<i>CURRICULUM VITAE</i> .
<input type="checkbox"/>	FOTOCOPIA COMPULSADA DOS XUSTIFICANTES DE TODOS OS MÉRITOS ALEGADOS.
<input type="checkbox"/>	ESCRITO, ASINADO POLA PERSOA SOLICITANTE, QUE CONTEÑA A EXPLICACIÓN DOS MOTIVOS DA SOLICITUDE .
<input type="checkbox"/>	PROXECTO DIDÁCTICO E DE TRABALLO PARA A UNIVERSIDADE SOLICITADA.
<input type="checkbox"/>	OUTRA (RELACIONALA):
<input type="checkbox"/>	DECLARACIÓN XURADA DE NON ESTAR EN SITUACIÓN DE SERVIZO ACTIVO COMO FUNCIONARIO, OU BEN, NO CASO DE ESTALO, INDICACIÓN DO CORPO DE PERTENZA E COMPROMISO DE SOLICITAR A EXCEDENCIA CORRESPONDENTE.
<input type="checkbox"/>	DECLARACIÓN DO CONXUNTO DE TODAS AS SOLICITUDES DE AXUDAS EFECTUADAS OU CONCEDIDAS, PARA O MESMO PROXECTO, ANTE AS ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS COMPETENTES OU OUTROS ENTES PÚBLICOS. DE NON TER SOLICITADA OU CONCEDIDA NINGUNHA, TAMÉN O FARÁN CONSTAR.

De conformidade cos puntos 3º e 4º do artigo 13 da Lei 4/2006, do 30 de xuño, de transparencia e de boas prácticas na Administración pública galega, e co previsto no Decreto 132/2006, do 27 de xullo, polo que se regulan os rexistros públicos creados nos artigos 44 e 45 da Lei 7/2005, do 29 de decembro, de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2006, a Consellería de Educación e Ordenación Universitaria publicará no *Diario Oficial de Galicia* e na súa páxina web oficial a relación dos beneficiarios e o importe das axudas concedidas ao abeiro desta resolución; e incluírá igualmente as referidas axudas e as sancións, que como consecuencia delas, puidesen impoñerse, nos correspondentes rexistros públicos, polo que a presentación da solicitude leva implícita a autorización para o tratamento necesario dos datos persoais dos beneficiarios e a referida publicidade.

En cumprimento do disposto no artigo 5 da Lei orgánica 15/1999, de protección de datos de carácter persoal, infórmoo/a de que os datos persoais recollidos nesta solicitude, se incorporarán a un ficheiro, para o seu tratamento, coa finalidade da xestión deste procedemento. Vostede pode exercer os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición previstos na lei, mediante un escrito dirixido a esta consellería como responsable do ficheiro (o enderezo figura ao pé desta solicitude).

LEXISLACIÓN APLICABLE <i>Resolución do 18 de xuño de 2009 pola que se aproba a convocatoria ordinaria para cubrir prazas nos lectorados de lingua, literatura e cultura galegas en universidades españolas e estranxeiras.</i>	(Para cubrir pola Administración)	NÚMERO DE EXPEDIENTE
SINATURA DO/A SOLICITANTE OU PERSOA QUE O/A REPRESENTA <i>Lugar e data</i>	RECIBIDO	DATA DE ENTRADA
	REVISADO E CONFORME	DATA DE EFECTOS
		DATA DE SAÍDA

Secretario/a xeral de Política Lingüística

ANEXO II

Méritos	Puntuacións
1. Formación:	Máximo 13 puntos
1.1. Polo título de doutor:	Ata 3 puntos
1.1.1. Doutoramento en calquera das titulacións exixidas para participar nesta convocatoria:	3 puntos
1.1.2. Doutoramento noutras titulacións:	1 punto
1.2. Por cada licenciatura a maiores da exixida 0,5 puntos:	Ata 2 puntos
1.3. Expediente académico: Valorarase con dous decimais, segundo a nota media simple recollida na certificación académica persoal e calculada en función do disposto na resolución da Secretaría Xeral da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria do 15 de marzo de 2005 (DOG nº 57, do 23 de marzo).	Ata 4 puntos
1.4. Asistencia a cursos de formación didáctica no ensino de linguas:	Ata 2 puntos
1.4.1. Ata 25 horas	0,25 puntos
1.4.2. De 26 a 50 horas	0,50 puntos
1.4.3. De 51 a 100 horas	0,75 puntos
1.4.4. Máis de 100 horas	1,00 puntos
1.5. Asistencia a actividades de formación relacionadas coa lingua, a literatura e a cultura galegas:	Ata 2 puntos
1.5.1. Ata 25 horas	0,05 puntos
1.5.2. De 26 a 50 horas	0,10 puntos
1.5.3. De 51 a 100 horas	0,15 puntos
1.5.4. Máis de 100 horas	0,20 puntos
2. Actividade docente e/ou divulgativa e publicacións:	Máximo 7 puntos
2.1. Impartición de cursos, relatorios, etc., relacionados coa lingua, a literatura e a cultura galegas:	Ata 2 puntos
2.1.1. De 0 a 10 horas	0,05 puntos
2.1.2. De 11 a 25 horas	0,10 puntos
2.1.3. De 26 a 50 horas	0,15 puntos
2.1.4. De 51 a 100 horas	0,20 puntos
2.1.5. Máis de 100 horas	0,25 puntos
2.2. Organización de actividades de difusión e promoción da lingua, a literatura e a cultura galegas (dirección e/ou coordinación): Cando estas actividades fosen realizadas en universidades de fóra de Galicia valorarase exclusivamente no punto 3.1.	Ata 1 punto
2.2.1. Ata 25 horas	0,05 puntos
2.2.2. De 26 a 50 horas	0,10 puntos
2.2.3. De 51 a 100 horas	0,15 puntos
2.2.4. Máis de 100 horas	0,20 puntos
2.3. Publicacións relacionadas coa lingua, a literatura e a cultura galegas: En libros, se hai varios autores a puntuación que se outorgará será a resultante de dividir os puntos correspondentes entre o número deles. Acreditaranse mediante orixinais ou fotocopias compulsadas en que consten o ISBN ou o ISSN, segundo corresponda.	Ata 2 puntos
2.3.1. Libros:	
2.3.1.1. Non especializado	0,50 puntos
2.3.1.2. Especializado	1,00 puntos
2.3.2. Relatorios, artigos, recensións etc.:	
2.3.2.1. Non especializado	0,10 puntos
2.3.2.2. Especializado	0,20 puntos
2.3.3. Material audiovisual:	
2.3.3.1. Non especializado	0,10 puntos
2.3.3.2. Especializado	0,20 puntos
2.4. Experiencia docente no ensino regrado de lingua, literatura e cultura galegas: Valorarase con 0,05 puntos por cada mes ou fracción inferior.	Ata 2 puntos
3. Experiencia e coñecementos:	Máximo 4 puntos
3.1. Experiencia na organización de actividades de difusión e promoción da lingua, da literatura e da cultura galegas, en universidades de fóra de Galicia:	Ata 1 punto
3.1.1. Ata 25 horas	0,20 puntos
3.1.2. De 26 a 50 horas	0,40 puntos
3.1.3. De 51 a 100 horas	0,60 puntos
3.1.4. Máis de 100 horas	0,80 puntos
3.2. Coñecemento da comunidade autónoma ou do país en que se encontre a universidade solicitada, e da súa situación sociocultural:	Ata 1 punto
3.3. Coñecemento do idioma ou idiomas propios do país de destino (distintos ao castelán):	Ata 2 puntos
3.3.1. Escola de idiomas. Ciclo elemental	0,25 puntos

Méritos	Puntuacións
3.3.2. Escola de idiomas. Ciclo superior	0,50 puntos
3.3.3. Licenciatura	1,00 puntos
3.3.4. Outros (ensino non regrado, residencia no país máis de 3 meses etc.)	0,25 puntos
4. Interese do proxecto docente, investigador e difusor da lingua, a literatura e a cultura galegas para desenvolver na universidade solicitada: Teranse en conta os seguintes criterios: -Coñecemento e fundamentación teórica. -Deseño de actividades. -Aplicabilidade do proxecto. -Bibliografía.	Máximo 2 puntos
5. Adecuación ao posto de traballo de acordo co currículo presentado:	Máximo 2 puntos
6. Entrevista persoal:	Máximo 4 puntos

CONSELLERÍA DO MAR

Orde do 17 de xuño de 2009 pola que se levanta a suspensión do prazo de presentación de candidaturas, recollida na Orde do 22 de abril de 2009, para a renovación do Consello Regulador da Denominación de Orixe Mexillón de Galicia.

O Decreto 4/2007, do 18 de xaneiro, desenvolveu a Lei 2/2005, do 18 de febreiro, de promoción e defensa da calidade alimentaria galega, e configurou un novo réxime dos consellos reguladores así como un novo réxime electoral.

A Orde do 29 de agosto de 2008, pola que se aproba o Regulamento da denominación de orixe Mexillón de Galicia e do seu Consello Regulador, contén as normas para a elección dos membros do pleno do Consello Regulador, e establece a duración do seu mandato en catro anos.

Unha vez expirado o mandato do actual Consello Regulador, pola Orde do 2 de abril de 2009, convocáronse as eleccións e ditáronse normas para a renovación do devandito Consello Regulador.

Tendo en conta que a recente reestruturación administrativa levada a cabo polo Decreto 79/2009, do 19 de abril, polo que se establece a estrutura orgánica da Xunta de Galicia, incidía directamente no desenvolvemento do proceso electoral convocado, a Orde do 22 de abril de 2009 suspendeu o prazo de presentación de candidaturas para a renovación do Consello Regulador da Denominación de Orixe Mexillón de Galicia.

Por outra banda, coa publicación do Decreto 312/2009, do 28 de maio, publicado no DOG nº 109, do 5 de xuño de 2009, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería do Mar, considérase con-